

Guía para principiantes: como utilizar Pinterest

Os usos de Pinterest para clasificar e gardar imaxes son diversos, aínda que destacan os de organizar receitas de cociña, viaxes e outros usos máis comerciais



Pinterest é unha rede social lanzada en marzo de 2010 para compartir imaxes e sitios web de forma visual. Non obstante, foi no último ano cando alcanzou unha maior relevancia. A pesar da súa sinxela estrutura, esta plataforma contén certas condicións particulares de uso que se explican neste artigo.

De que trata esta rede social?

Pinterest diferénciase doutras redes sociais en que está orientada a compartir información de forma visual. O seu nome é a unión das palabras inglesas "Pin" e "Interest", algo así como "sinalar o interesante". Esta plataforma permite gardar e compartir en diferentes carpetas gráficas todas as imaxes ou vídeos favoritos dos usuarios que atopen en Internet ou ben que estean almacenadas no seu disco duro. Á acción de compartir denomínase "pin".

Os usuarios contan con carpetas clasificadas en temáticas concretas, como decoración, gadgets, receitas

de cociña ou fotografías de viaxe. Desta forma, esta rede social pode servir como fonte de inspiración ou para descubrir un novo contido ou temas de forma moi visual.

Para que se pode utilizar Pinterest?

Os usos de Pinterest para clasificar e gardar imaxes son diversos. Hoxe en día son moitos os usuarios que o utilizan para organizar as súas afeccións (receitas de cociña, viaxes etc.), e non poucas empresas o empregan para promover os seus produtos á venda nunha canle moito máis visual que as súas propias páxinas. Grazas a Pinterest é posible navegar por contidos temáticos diferenciados e descubrir novos elementos de interese para o usuario.

Como darse de alta en Pinterest?

Desde hai uns meses, Pinterest está aberta a todos os usuarios. Co fin de darse de alta é necesario dispoñer dunha conta de correo electrónico ou ben utilizar a conta de usuario en Twitter ou Facebook —se se ten— para validarse no servizo e, á vez, integrar a conta de Pinterest con estas plataformas, de modo que se comuniquen cando hai novidades. Na parte superior da páxina hai un enlace para seleccionar "español" como o idioma por defecto.

Durante o proceso de alta, Pinterest mostra unha serie de fotografías para que o usuario seleccione as que máis representen os seus gustos e intereses. Desta forma, esta rede social mostrará contido relacionado coa páxina de inicio do usuario. Tamén se poden engadir usuarios ou contactos de Pinterest para acceder ás súas últimas actualizacións.

Cal é a mellor forma para utilizar Pinterest?

A mellor forma para empezar a usar Pinterest é engadir un botón denominado "Pin it" na barra de marcadores do navegador do usuario. Tan só hai que arrastrar o botón desde esta páxina á barra.

Con esta acción, xa se pode usar Pinterest desde o navegador sen necesidade de acceder á páxina. Durante a navegación por Internet, cada vez que os usuarios vexan unha imaxe interesante, poden gardala e compartila con só premer botón "Pin it" no seu navegador. Así simplifícase a súa utilización de xeito habitual.

Como se organiza Pinterest?

Cada imaxe engadida a Pinterest considérase un "pin" e cada "pin" que se incorpora conta cun enlace directo ao sitio web de onde provén, de modo que os usuarios poden acceder ao sitio orixinal de calquera imaxe ao premer sobre ela.

Esta rede social tamén permite facer "pin" nos taboleiros doutras persoas. A esta acción denomínase "repinear" ou facer "repin". Así mesmo, existe a opción de marcar como "gústame" unha imaxe de Pinterest. Esta acción non inclúe a imaxe nos taboleiros do usuario como "repin", senón que só a marca como favorita. Por outro lado, Pinterest conta con diferentes opcións de privacidade para indicar que persoas poden facer "repin" nas súas imaxes. Hai posibilidade tamén de ocultar o perfil do usuario en buscadores.

As carpetas onde clasificar o contido gardado e compartido denomínanse "pinboards" ou "taboleiros", que poden ser editadas polos usuarios para engadir ou eliminar as que crea conveniente. Por defecto, Pinterest engade unha serie de "pinboards" para facilitar a tarefa de clasificación inicial.

Que opcións dispón cada "pin"?

Cada vez que se garda unha imaxe en Pinterest é necesario engadir certa información básica, como a descrición da imaxe, e seleccionar o taboleiro onde a gardar ou ben crear un novo.

Pinterest permite compartir a imaxe noutras redes sociais como Facebook ou Twitter. Unha vez publicado, tamén se pode editar o "pin" para engadir información ou cambiar a súa clasificación nun taboleiro determinado. No caso de que a imaxe gardada sexa un produto á venda, é posible indicar o prezo na descrición ao poñer diante a icona da moeda.

Existen aplicacións móbiles e outros recursos para Pinterest?

Pinterest dispón de aplicacións oficiais tanto para dispositivos móbiles baseados en iOS coma en Android. Desta forma, pódese utilizar Pinterest de forma directa desde un teléfono móbil ou tableta dixitalizadora con estes sistemas operativos. Tamén os usuarios de páxinas persoais e blogs dispoñen de botóns e elementos gráficos mediante un código HTML para colocar nas súas páxinas.//